

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 6 DE
SETEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA
CORRESPONDENTE AO DÍA 30 DE AGOSTO DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día seis de setembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luísa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández, e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; dona María Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que quere facer unha apreciación sobre a orde do día, xa que non se incluíu a moción de fiscalización presentada polo seu grupo, polo que pregunta se se vai tratar.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que foi un erro, polo que xa tiña pensado comentalo cando chegaran ao punto quinto da orde do día, en todo caso confirma que se vai tratar a moción.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de abril de 2012

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de abril de 2012.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pide que se pospoña a aprobación da acta co fin de poder cotexar a transcripción gravada para ver se coincide co manifestado na acta do pleno. Solicita á Sra. secretaria ou ao Sr. alcalde que

se lles facilite poder comprobar a dita gravación.

O Sr. alcalde pregunta se hai algún problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que no punto referente ao tratamento da moción presentada polo seu grupo, sobre a creación de traballo en Cambre, cren que non coincide exactamente e que no debate hai cuestións que se dixeron no pleno que non están recollidas na acta, por iso o queren comprobar.

O Sr. alcalde responde que, se hai algunha dúbida, pola súa parte non hai problema en pospoñer a aprobación da acta, pero sinala que se pasou a todos os concelleiros a acta, e se todo o mundo está de acordo, entón isto é un pouco irregular, porque cre que tiveron tempo a comparar a acta coa gravación.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que hai moi poucos días que se lles facilitou a acta, tendo en conta que a acta é do pleno do mes de abril e que agora están en setembro. Segue dicindo que hai uns días que lles deron o borrador e observaron que no contexto do debate hai unha cuestión que ao seu xuízo non se recolle na acta, e queren comprobar se está gravado ou non, iso de acordo co disposto no artigo 30.3 do Regulamento orgánico municipal.

Reitera que solicitan que se pospoña a aprobación da acta. En caso contrario, se deciden someter a votación a acta, o seu grupo vai votar en contra.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non está a poñer pedras no camiño, nin paus nas rodas. Está de acordo en que se eles teñen unha reclamación sobre a acta, é lóxico que a presenten, polo tanto, e tendo en conta que o resto dos grupos están de acordo, queda sobre a mesa o borrador da acta do día 26 de abril de 2012, para a súa aprobación no vindeiro pleno, unha vez comprobada a gravación.

2º Proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito nº1/2012

Vista a proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 30 de agosto de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 4 de setembro de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata dun expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito, por un importe total de 37.194,11 euros na aplicación orzamentaria 165.619 “outros investimentos en iluminación pública”. O motivo é a insuficiencia de crédito a nivel de vinculación xurídica para a contratación da obra: “Eliminación do centro de transformación en Curros Enríquez” que ten un importe de execución de 48.071 euros.

Segue a dicir que se articula a través da baixa da aplicación “investimentos en saneamento e abastecemento”, e dentro do proxecto denominado “Saneamento en Aián”, que é un proxecto que xa está executado dentro da obra de “Mellora da seguridade viaria e redes de saneamento de Aián”. Explica que se trata de suplementar a partida cunha baixa de investimento, e que se acompaña a memoria xustificativa da necesidade da medida e as aplicacións orzamentarias afectadas, o informe favorable de Intervención respecto do obxectivo de cumprimento de estabilidade orzamentaria e adecuación ao ordenamento xurídico vixente.

Conclúe dicindo que se garante a viabilidade económica para afrontar as posibles contingencias que puideran xurdir á hora de facer uso desa partida.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o seu apoio ao expediente de suplemento de crédito que se presentou, aínda que queren facer unha precisión.

Expón que están de acordo coa eliminación do centro de transformación na rúa Curros Enríquez, e que hai razóns que así o aconsellan, sobre todo as de carácter de seguridade viaria, pero o que si van pedir, tendo en conta que oportunamente por parte do goberno municipal se solicitou unha subvención á Dirección Xeral de Industria para facer fronte ao custo desa obra ou a gran parte do custo desa obra, e que é de esperar que teña a aceptación por parte da Xunta de Galicia, que non represente unha carga suplementaria aos veciños de Cambre a eliminación dese centro, é dicir, queren que se fagan todos os esforzos necesarios por parte do goberno municipal para que esa solicitude de subvención á Dirección Xeral de Industria chegue a bo fin.

Conclúe dicindo que teñen o seu voto a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que eles van manter o voto de abstención das comisións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que o seu grupo está de acordo coa necesidade do cambio dese transformador e, polo tanto, van apoiar a proposta, tendo en conta o que xa se falou nas comisións sobre cando se vai cobrar a subvención da Xunta de Galicia.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, di que eles van manter o voto das comisións e vanse abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito número 1/2012 por importe de 37.194,11 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito Suplementado
165.619	Investimentos en iluminación pública	37.194,11
	Totais	37.194,11

Correspondente ao seguinte proxecto de investimento:

Aplicación orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
165.619	37.194,11	12-2-165001	Eliminación CT en Curros Enríquez

Este expediente pódese financiar por importe de 37.194,11 euros con baixa na aplicación de gastos “161.6190090 Investimentos en saneamento e abastecemento”, no proxecto “2006-2-441001 Saneamento en Aián”, tendo en conta que en Aián se levou a cabo recentemente unha obra de ampliación da rede de saneamento.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

3º Aprobación das bases de bolsas de estudo para o curso 2012-2013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 30 de agosto de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 4 de setembro de 2012.

Concedida a palabra a dona Mª Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o obxecto destas bases é regular a convocatoria pública do Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares para o curso 2012-2013. Trátase dunha acción de fomento

destinada ás familias con menos recursos económicos e con fillos cursando no segundo ciclo de educación infantil, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

Conclúe dicindo que este ano aumentou a partida para esta convocatoria e pasou de sete mil douscentos a dez mil euros.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, pero que antes queren facer unha pequena crítica. Explica que no momento no que están cren que a subida debería ser superior aos dous mil oitocentos euros, tendo en conta que a maior parte das familias van sufrir un incremento na compra de material escolar e libros de texto dun 17%, porque o tipo do IVE pasa a ser do 21%, o que supón dezasete puntos porcentuais de diferenza.

Segue a dicir que o goberno municipal volve incorrer no que xa os teñen acostumados, que é que se limitan a desenvolver o xa existente e son incapaces de anticiparse ao momento en que lles tocou gobernar.

Finaliza dicindo que eles van votar a prol, pero que querían deixar constancia de que cren que, tendo en conta a situación actual que ademais o goberno popular contribuíu a crear, merecía por parte do goberno municipal de Cambre, sobre todo da súa concelleira, aumentar de forma máis significativa a contía das axudas, posto que son dous mil oitocentos euros máis, é dicir, vinte becas máis de cento corenta euros ou vinte e oito de cen euros, e está segura de que, considerando que no ano 2011 deixaron solicitudes sen cubrir, cre que poderían terse anticipado á situación e aumentar significativamente a partida.

Concedida a palabra a dona M^a María Olga Santos López, concelleira de EU, di que eles tamén van apoiar a iniciativa, e expón que, en consonancia co que acaba de manifestar a súa compañeira do PSdeG-PSOE, queren indicar que, aínda que van na mesma liña crítica, son vinte bolsas máis aproximadamente, e que hai que ter en conta que en Cambre o incremento do paro do ano pasado a este ano, foi de dúascentas cincuenta persoas, polo que non son proporcionais ás dotacións de bolsas coa situación real que se está a experimentar en Cambre, son dúascentas cincuenta persoas paradas máis que probablemente necesiten desgrazadamente acceder a ese tipo de axudas.

Segue dicindo que o tema do IVE tamén o tiñan que ter en conta, porque tal e como dixo a compañeira do PSdeG-PSOE é un 17% máis en material escolar, xa que aínda que os libros de texto se manteñan no 4%, o resto de material escolar é unha cantidade moi importante de diñeiro que hai que investir no curso escolar dos rapaces.

Continúa dicindo que entenden que esta modificación, neste momento, a fan tendo en conta o compromiso asumido no pleno do ano pasado, no que dixeron que ían aumentar a contía. De todas formas hai que ter en conta e hai que lembrar que a cantidade da partida orzamentaria, tal e como xa dixeron nas comisións informativas, é exactamente

a mesma, simplemente sacan dun lado e poñen noutro, e así parece que se aumenta a contía das axudas. Di que a partida orzamentaria son quince mil euros, e achacábanlle ao goberno anterior que a tiñan herdada e que non a podían subir, e que cando eles gobernarán e elaborarán os orzamentos aumentarían esa partida. Di que a partida é exactamente igual pero que se modifican as asignacións, de modo que hai verdades a medias.

Conclúe dicindo que, en todo caso, por suposto que van apoiar a proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que van votar a prol facendo varias apreciacións, xa que coinciden coas que fixeron o grupo de EU e o PSdeG-PSOE. Consideran que non hai un aumento substancial, non hai unha viraxe na política de apoio ás familias con máis necesidade de acceso ao material escolar e o que se busca é a política do titular, onde hai un aumento meramente cosmético para vender socialmente a través dunha folla de prensa, a través dos medios de comunicación, que se aumenta esa axuda.

Continúa dicindo que non se poden subtraer dende o BNG de facer unha breve reflexión de que o mesmo goberno, o mesmo partido que sustenta o goberno de Madrid, que é o goberno que máis paus lle dá ao ensino público na historia da democracia, o mesmo partido que sustenta o goberno autonómico, que ten en pé ata aos sindicatos máis reaccionarios do mundo do ensino, a nivel municipal, para salvar a cara diante dos veciños, intenta vender unha axuda para acceder ao material escolar que por exemplo, na comunidade autónoma galega, non hai moito tempo e durante uns anos foi gratuito para a totalidade dos rapaces.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel di que só quere dicirlles que a partida ata os últimos anos era máis que suficiente.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. José Antonio Baamonde López solicitara intervir antes de que o fixera a Sra. concelleira e descúlpase porque non o viu levantar a man.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai modificar o seu voto da comisión e vai votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel di que quere aclarar que ata o ano pasado esta partida, aínda que non lles pareza moi importante, ata ese momento sempre foi suficiente, o ano pasado quedáronse un pouco curtos e este ano aumentouse un 40%.

Explica que si que é certo que se deduce doutro lado, como dixeron os outros concelleiros, pero que dende ese outro lado este ano, por primeira vez, a Xunta de Galicia tamén deu cheques para axuda de material escolar, polo que a partida que se reduciu de Asuntos Sociais é para a diferenza que hai deses cheques que se lles entregan aos pais para comprar libros e materiais. Di que o concello non ten que dar o 100%,

senón que teñen que dar a diferenza do cheque ata o 100%, e a quen o necesite váiselle dar ese 100%. Reitera que a partida se incrementou nun 40% e que coa previsión que ten deste ano, previsiblemente haberá que aumentala máis, e así o teñen pensado para os próximos orzamentos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os tres concelleiros de UxC.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2012-2013, que se achegan, así como os seus anexos.

Segundo: Aprobar un gasto de 10.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2012 323 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

4º Proposta de aprobación da designación do pavillón polideportivo municipal situado no recinto do “CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, parroquia de Cambre, co nome de “Sofía Toro Prieto-Puga”

Vista a proposta da Alcaldía de data 31 de agosto de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 4 de setembro de 2012.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Participación, explica que con motivo da obtención por parte da veciña de Cambre Sofía Toro da medalla de ouro olímpica, propónse que o polideportivo de Cambre sexa denominado co seu nome.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta o seu voto positivo, e di que quere aproveitar dende o grupo municipal socialista para felicitar publicamente a dona Sofía Toro pola súa traxectoria deportiva, que como dixo o Sr. concelleiro de Deportes culminou cunha medalla de ouro olímpica.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, en nome do seu grupo municipal dálle os seus parabéns a Sofía Toro, unha deportista cun palmarés

espectacular, gañadora dunha medalla olímpica na disciplina da vela, que lle deu ao Concello de Cambre unha proxección internacional de gran transcendencia. Di que apoian e sobre todo recoñecen o seu traballo e o exemplo que deu.

Continúa dicindo que queren aclarar a moitísima xente que lles preguntou pola ausencia do seu grupo municipal na recepción á deportista que fixo o Sr. alcalde, no salón de plenos, que a eles ninguén os invitou, ninguén os convocou, ninguén lles dixo a hora e o día. Consideran iso un desprezo á maioría democrática elixida democraticamente no concello, e agardan que non se volva repetir.

Conclúe reiterando os seus parabéns a Sofía Toro.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que está de acordo co que manifestou o voceiro de EU e que así llo fixo saber ao Sr. alcalde na xunta de voceiros. Di que, efectivamente, quen representa ao Concello de Cambre é o conxunto da Corporación e que non foron invitados. Saíu en medios de comunicación que a deportista ía ser recibida polo Sr. alcalde, pero di que el a onde non o invitan, non vai.

Respecto a Sofía Toro, di que está totalmente de acordo coa proposta, que lle parece moi acertada polos seus éxitos, polo seu palmarés e desexalle moita sorte no futuro e que siga recollendo éxitos para Cambre e España.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM..

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Designar o pavillón polideportivo municipal situado no recinto do “CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, parroquia de Cambre, co nome de “Sofía Toro Prieto-Puga”, en recoñecemento dos especiais merecementos que quedaron acreditados no expediente de concesión de honras e distincións incoados por proposta da Alcaldía, polos seus méritos deportivos así como polas calidades persoais que reúne.

5º Mocións ou propostas urxentes

Moción de fiscalización e control relativa ao “aboamento de mensualidades atrasadas do servizo de axuda no fogar” presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto nos art. 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no art. 125 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 11484 o día 29 de agosto de 2012, consta do seguinte teor literal:

“O goberno municipal de Cambre acumulou en xuño pasado un atraso de 10 meses (agosto 2011 a maio 2012) en pasar ao cobro aos beneficiarios os recibos correspondentes polo servizo de “axuda no fogar”.

Este servizo utilízano veciños que, pola súa avanzada idade ou por sufrir limitacións físicas, vense incapacitados para a realización dos labores propios do fogar e que, por iso, reciben atención de persoal do Concello de Cambre, a cambio do aboamento dun prezo público mensual.

O goberno municipal ante o atraso acumulado na xestión de cobro dos recibos mensuais está a requirir aos beneficiarios que se poñan ao día aboando cantidades superiores ás que lles corresponderían aboar cada mes. Así no mes de xuño obrigouelles a pagar a cantidade correspondente a dúas mensualidades ordinarias, e parece que ese pagamento duplicado, ata a liquidación definitiva dos atrasos, vai ser o criterio que se vai impoñer aos veciños beneficiarios dende o goberno municipal.

Escusa dicirse que os veciños que acuden a este servizo son, na súa maior parte, pensionistas ou persoas discapacitadas, con pensións mínimas, que de levarse a cabo as medidas de cobro que se lle intentan impoñer verían seriamente prexudicada a súa economía, podendo chegarse a situacións de indixencia.

Chegou a coñecemento do grupo municipal dos socialistas de Cambre situacións nas que algúns beneficiarios se tiveron que dirixir aos seus familiares próximos (fillos) en petición de asistencia económica, para facer fronte aos pagamentos demandados, dándose a triste coincidencia de que estes, por encontrarse en situación de desemprego, non os puideron socorrer.

Manifestan os veciños prexudicados por esta medida municipal que resulta imposible facer fronte ás condicións de pagamento impostas polo goberno municipal toda vez que a súa economía e poder adquisitivo viuse tremendamente minguado nos últimos meses, debido ás medidas tomadas polos gobernos do Partido Popular no Estado e na Xunta de Galicia, en canto ás subas do IRPF, a electricidade, o gas, o pagamento de medicinas, etc., que lles afectaron moi directamente, levándoos a niveis de verdadeiro empobrecemento.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Instar ao alcalde de Cambre a que, na súa condición de presidente da Corporación, dea as ordes oportunas para que se facilite o pagamento aprazado das mensualidades pendentes de abono aos beneficiarios do servizo de “axuda no fogar”, negociándose con

cada un deles, e tendo en conta as súas posibilidades económicas, o pagamento dos atrasos, de tal xeito que o cargo mensual por este concepto non supere en ningún caso, o vinte e cinco por cento de cada mensualidade pendente.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, expón que, en primeiro lugar, as verdades a medias son a peor das mentiras, e fai fincapé que na moción dise literalmente “O goberno municipal de Cambre acumulou en xuño pasado un atraso de 10 meses (agosto 2011 a maio 2012)”, cando o certo é que ese atraso no cobro vén dende hai máis de catorce anos, dunha mala xestión do Partido Socialista que foi o que gobernou en Cambre os últimos trinta anos. Ela cando chegou ao departamento xa había un atraso de dez meses, e púxose a traballar para poder solucionar o tema dende o primeiro día que entrou.

Continúa a dicir que na moción dise literalmente que se “obligou a pagar a cantidade correspondente a dúas mensualidades ordinarias, e parece que ese pagamento duplicado, ata a liquidación definitiva dos atrasos, vai ser o criterio que se vai impoñer aos veciños beneficiarios dende o goberno municipal”. Explica que en ningún momento se obrigou a ninguén a que pagase dous recibos, di que se chamou a todos os usuarios, un por un, a excepción da xente que non se puido localizar na casa polos motivos que fosen, e o 98% dos usuarios estiveron de acordo, é dicir, que non se obrigou a ninguén e que en ningún momento se lles volveu pasar un recibo duplicado. Di que o atraso existe, e que están tratando de resolvelo.

Por outra parte a proposta de actuación da moción fala literalmente de “instar ao alcalde de Cambre a que, na súa condición de presidente da Corporación, dea as ordes oportunas para que se facilite o pago aprazado das mensualidades pendentes...” e di que ela, dende o departamento de Asuntos Sociais, xa dende o mes de maio, que foi cando se resolveu tanto o problema do programa informático como o tipo de xestión que se estaba a facer e que se axilizou moito, xa dende ese momento fixeron un cronograma para poñerse ao día, despois chamaron aos usuarios un a un, e pasáronselles, aproveitando a paga extra, dous recibos, despois comezouse a facturar mes a mes o resto dos recibos, ata agora, a finais do mes de setembro, que se facturará o último mes do ano 2011, é dicir, decembro do 2011, e así se finalizará o exercicio do 2011.

Segue dicindo que a partir do mes de outubro xa se vai pasar o recibo de setembro de 2012, é dicir, o recibo do mes actual, e no momento no que teñan a valoración exacta das débedas de cada usuario, porque non todos son iguais, depende das horas e dos soldos, a partir de aí e de que xa teñan calculado todo o que se debe, van volver chamar un por un a cada usuario e vaise pactar con cada un deles a forma do pago. Di que non se vai obrigar a ninguén a pagar o que non pode ou o que non ten, sinxelamente teñen que poñerse ao día desa actividade en concreto, posto que se reciben unhas subvencións moi importantes da Xunta, e teñen que estar ao día nos cobros. Volve repetir que se pactará individualmente e xamais obrigando, senón sempre pactando cos usuarios.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, de todas as formas, as chamadas que recibiron algúns dos beneficiarios do servizo falaban de manter o pago duplicado en sucesivas mensualidades, e el só estaba a transmitir o que lle dixeran algúns dos veciños, se non é así, mellor.

Segue dicindo que, con independencia das manifestacións da Sra. concelleira sobre que este tema vén dende hai catorce anos, di que ela xa leva catorce ou quince meses no seu posto, e este é un problema que hai que resolver, ademais, tamén se terán beneficiado das xestións que fixeron anteriores gobernos e que lles permite a eles facer unha xestión mellor. Explica que non van mirar para atrás, senón que van tratar de resolver o problema que hai, que é do que se trata.

Di que expoñen agora o problema porque parece que a Xunta non permite que haxa eses atrasos ou eses aprazamentos nos pagos das cotas.

Reitera que na moción, como ela mesma verá, non se bota a culpa a ninguén, senón que se busca unha solución. O que el di é que a medida á que poderían facer fronte os beneficiarios sería facer un pago aprazado da mensuralidade corrente máis un 25% de mensuralidades anteriores. Propoñen iso porque eles non coñecen toda a casuística dos beneficiarios do servizo, pero si dous casos, e por iso lle piden á Sra. concelleira, que coñece cada un dos problemas, que se intente non cobrar por duplicado, porque é un precedente que a algunhas familias lles representou un gasto importante, e que lle puideron facer fronte como poderían non telo feito.

Pide que se busque unha fórmula para que se aboe o servizo, xa que está realizado, pero que lles resulte o menos gravoso posible ás familias, en función das súas posibilidades económicas, ese é o fin da moción que se presenta. A concelleira dixo que se ía negociar caso por caso, entón, que se teña en conta iso, que as condicións no se impoñan por parte do prestamista do servizo que é o concello, senón que sexa por parte do propio beneficiario, que é quen coñece a súa realidade económica e quen sabe ata que punto pode facer fronte á débeda atrasada. Pide que haxa esa sensibilidade caso por caso, para facer fronte ás situacións individuais que se produzan. Reitera que ese era o motivo da moción e que por iso suxerían o 25%, porque en concreto obedece á demanda de dous beneficiarios, que sería o que eles poderían pagar sen que fose un gran menoscabo da súa economía persoal, familiar e laboral.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, en relación coa mala xestión do PSdeG-PSOE que comentou dona M^a Jesús González Roel, di que agora eles están onde están seguramente pola mala xestión que fixeron os anteriores gobernos municipais, pero que cando se presentaron ás eleccións intuían como estaba esta casa, e ao final os que o pagan son os veciños de Cambre. Polo que el lle entendeu á Sra. Concelleira, o que pide esta moción é o que están a facer, así que deberían aprobala sen máis, non volver falar do que fixeron os demais e que eles fan mellor. Di que hai que sumar entre todos, e que polo tanto o seu voto vai ser a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que esta moción non se vota porque é unha moción de fiscalización.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño pide perdón e di que non votan a prol, senón que están de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta o seu acordo coa sensibilidade do Partido Socialista, que é coincidente coa sensibilidade de EU, sobre todo nestas cuestións de tipo social. Di que están de acordo e se así as cousas van mellorando, alegráranse todos de que as cousas vaian por bo camiño.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que a sensibilización do Partido Socialista tamén a ten o Partido Popular, posto que xa fixo todo o posible para solucionar este problema.

Engade que, en canto a esas familias ou persoas que non poden pagar máis do 25%, cando as chamen xa lles comunicarán a eles o que poden pagar ou non. Reitera que se vai facer un por un, sen imposición. En outubro poñen a facturación ao día, e o que estea pendente farase un por un, de acordo cos usuarios e co que poida pagar cada un deles.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno expón que na súa moción hai unha petición clara e expresa e, evidentemente, esperan que o goberno municipal se pronuncie sobre se acepta ou non acepta a moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o pronunciamento do goberno municipal é aceptar a moción. Di que loxicamente van aceptala porque xa o están facendo, xa tiñan chamado antes de presentar a moción, no mes de xuño, un por un a todos os usuarios, para saber cando e como podían pagar e, efectivamente, hai dúas persoas, dous casos dos que, ademais, teñen os salarios que cobran, que se opuxeron, que dixeron que non podían pagalo, e non se lles impuxo o pagamento dos recibos, senón todo o contrario. Agora vaise negociar con eles, para saber cando poden facer fronte ao próximo pago, un por un.

Conclúe dicindo que o departamento de Benestar Social o fixo perfectamente, porque chamou un por un a todos os usuarios, e naturalmente que están de acordo coa moción, non fai falta que o insten, porque xa o están facendo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que pola súa parte para concluír, parécelle moi ben o pronunciamento, e que se busquen facilidades para que a xente poida aboar os atrasos acumulados, esa é a vontade de todos.

Conclúe dicindo que o que si é certo é que nas negociacións e xestións que se fixeron, polo menos así llo transmitiron, as palabras por parte dalgúns funcionarios, nalgún momento, a algún lle soaron a coacción. Di que iso o di sen ningún tipo de proba, só por

manifestacións dunha persoa. É algo que deixa aí, para que se ocorreu, non se volva producir e se traten eses problemas coa sensibilidade que todos teñen á hora de resolvelos.

Toma a palabra o Sr. alcalde, dicindo que o mesmo don Augusto Rey Moreno o dixo. Di que un funcionario ou un técnico do concello chamou a cen usuarios, e ningún presentou unha queixa, e logo hai dúas persoas que lle presentan a don Augusto Rey Moreno unha queixa. El supón que se trataría coa mesma sensibilidade aos cen, e pregunta se é que se fixo unha excepción con esas dúas persoas, se é así, pide desculpas en nome do funcionario, as pide como alcalde e falará cos funcionarios que chamaron, pero, en todo caso, co que si que está de acordo é co fundamento da moción, con que ninguén se sinta prexudicado por eses atrasos. É o que están facendo e é o que van facer, seguir chamando un a un a cada usuario.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que, antes de pasar ao seguinte punto, hai dous escritos presentados como moción, un de Esquerda Unida e outro do BNG, que realmente son rogos, así que vanse tratar no capítulo de rogos, polo tanto di que van pasar ao punto de informes de Alcaldía e logo tratarán esas mocións no capítulo de rogos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que quere que o alcalde lle explique por que é un rogo.

O Sr. alcalde di que iso é discutir por discutir, xa que están cansados de explicar que é unha moción. El non é o secretario nin a secretaria, pero máis dunha vez a secretaria da Corporación explicou o tema no salón de sesións. EU presentou unha moción denominada “Moción sobre as deficiencias no funcionamento do servizo de iluminación pública do concello”, e solicitan que se trate como moción de urxencia que teñen que votar, pero resulta que na parte resolutiva, o grupo municipal de EU propón uns acordos que cando os discutan vanse dar conta de que son rogos, non acordos dunha moción.

Explica que por iso el non está disposto a tratar o tema como moción, e por iso a van debater como rogo.

Concedida a palabra don Luis Miguel Taibo Casás pregunta por que di que eses acordos non se poden tomar por parte do goberno, por parte do Pleno na Corporación, que llo expliquen. Di que hai tres puntos que son perfectamente asumibles e que se poden votar, e volve preguntar por que non é unha moción.

O Sr. alcalde responde que na parte resolutiva di “o Pleno do Concello de Cambre acorda repoñer, á maior brevidade posible...” e pregunta se é necesario que siga lendo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que si, que na moción se di que o Pleno acorda.

O Sr. alcalde di que acorda algo que xa está feito.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille ao Sr. alcalde que de verdade que non o entende, que se acorda repoñer as deficiencias que se enumeran na moción, e que o Pleno acorda iso, que non hai que darlle máis voltas.

O Sr. alcalde repite que iso non é unha moción, senón que é un rogo. Reitera que non é unha moción porque unha moción ten unha parte principal que é a resolutiva, onde o Pleno acorda facer unhas cousas. Volve dicir que o que están a formular é literalmente un rogo, porque non é unha parte resolutiva se xa está feita. Pregunta se se explica.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que despois lle poden dicir se está ou non está feito, pero que o que presentan son unhas cuestións que eles consideran que non están feitas, e que por iso o expoñen como moción. Di que a moción ten unha parte expositiva e unha resolutiva que están perfectamente elaboradas, que se someterán a votación. Non hai que darlle máis voltas porque xa discutiron disto suficientemente.

O Sr. Alcalde contesta que o que van discutir é se é unha moción ou un rogo, e iso non é unha moción.

Don Luis Miguel Taibo Casás preguntalle se ese é o criterio do Sr. alcalde.

O Sr. alcalde di que non, que é o criterio do Regulamento orgánico municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que é o criterio ou interpretación que fai o Sr. alcalde do Regulamento orgánico municipal. Pide que por favor a secretaria lle diga se é un rogo ou unha moción, que se a secretaria llo di, entón el o pasará como rogo.

Concedida a palabra á secretaria accidental da Corporación manifesta que ela ten pouco máis que engadir ao xa exposto amplamente pola secretaria xeral en sesións anteriores. Simplemente lembra que só poden someterse a votación aquelas cuestións que son competencia do Pleno. Continúa dicindo que se entende que o exposto na moción de EU non é unha competencia do Pleno, co cal podería votarse, pero estarían ante un acordo nulo de pleno dereito ditado por órgano manifestamente incompetente.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille sinceramente a don Luis Miguel Taibo Casás que el non ten ningún problema en tratar iso como unha moción ou en tratalo como rogo, el en particular non ten ningún problema, pero esa é a inercia que leva o Concello de Cambre dende hai moitos anos, e así fixéronse acordos plenarios que despois non se puideron levar a cabo porque eran nulos de pleno dereito. Por todo isto, pídelo a don Luis Miguel Taibo Casás que a presente como un rogo, que a van debater exactamente igual, e verá el mesmo como iso non se pode votar ao final, porque é simplemente un rogo.

Conclúe dicindo que o mesmo pasa coa moción do BNG.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, di que eles presentan o seu escrito como moción e non como rogo, ultimamente obedecendo ao desexo ou autoridade do Sr. alcalde, xa que el mesmo lles dixo que se presentaban rogos, e o día que el pida que o chamen doutro xeito, eles que son moi demócratas e respectuosos coas institucións, e como entenden que é el quen dirixe o pleno, pois vanlle chamar como lles diga que se ten que chamar. Pero agora ben, iso cando efectivamente non é competencia do pleno decidir directamente sobre as mocións, si pronunciarse, pero que iso xa se discutiu e aínda así non se chegou a ningures.

Continúa explicando que eles presentan ese asunto como moción porque cren que realmente é unha moción, no sentido de que o Pleno ten competencia para decidir sobre o asunto, para votalo. Despois el como alcalde terá que executalo, obedecendo o que saia da votación.

Explica que se non se vota a moción, quere dicir que eles van ao pleno, len unhas cousiñas nas que todos están de acordo, vanse e non pasa nada. No caso concreto da moción que eles levan, que trata sobre un paso de peóns na rúa Arrigada, eles queren que iso se execute, e pensan que é o Sr. alcalde, a pesares de ser unha estrada da Deputación, que é o Sr. alcalde o que ten o poder para executalo, e claro, o alcalde ten que someterse á vontade do Pleno unha vez que ese tema se someta a votación e saia si ou non.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que teñen que aclarar se a diferenza entre a institución do alcalde e do Pleno é de xerarquía ou non, porque el cre que teñen competencias totalmente distintas. Di que as competencias do alcalde son do alcalde, e as competencias do Pleno son do Pleno, e o Pleno non pode obrigar ao alcalde a que tome unha decisión que é obxecto da súa competencia.

Conclúe dicindo que esa é a súa interpretación.

A requirimento do concelleiro a secretaria accidental explica que é exactamente iso, que se trataría dun criterio de competencias. O Pleno ten unhas competencias e o Sr. alcalde outras que están delimitadas na Lei de bases do réxime local. Cada un debería aterse ás súas e, no caso de non facelo, os acordos adoptados serían nulos de pleno dereito, posto que non serían ditados polo órgano competente. Conclúe que se trata dunha relación de competencia, non de xerarquía.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto di que ela xa dixo máis veces que non vai discutir sobre leis e demais, porque hai presentes varios licenciados en Dereito co cal non vai entrar nese debate. Entende que o Sr. alcalde, efectivamente, ten unhas competencias, entre elas executar os acordos que se tomen no pleno por maioría, ou iso imaxina. Di que será o alcalde, pero que isto é unha democracia, polo que terá que executar o que se acorde en pleno, votado e aprobado. Iso é o que ela entende.

De todas formas, simplemente quere dicir que a próxima vez, antes de presentar as cousas por rexistro, pasaranlle, ben ao Sr. alcalde, ben ao PP, a documentación, para saber se a poden presentar ou non. Polo que entende terán que pasar esa censura, e cando lles dean o visto e praxe, será cando a metan por rexistro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle a dona M^a Victoria Amor Prieto que non se confunda, que el deixouna falar e que agora o deixe falar a el.

Volve dicir que non se confunda, que el non lle vai fiscalizar nada, que é ela a que se vai dar conta de que iso que chaman moción é un rogo, porque por moito acordo que tome o pleno, aínda que todos a voten a prol, non poden obrigar ao alcalde a acordar o que eles piden, é imposible. Pregunta se non se dan conta de que é imposible, por iso non pode ser unha moción, e vanse dar conta eles mesmos cando lean o rogo e o debatan.

Dille que non se preocupe, que el no fai ningunha censura, nin ningún filtro, e que ela mesma se vai dar conta.

A continuación, dá paso ao seguinte punto da orde do día.

6º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria accidental da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1201, de data 20 de agosto de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Rocío Vila Díaz dende o día 20 ata o día 27 de agosto de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1202, de data 21 de agosto de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Fernando Caride Suárez dende o día 20 de agosto ata o día 7 de setembro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1267, de data 4 de setembro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Reabrir o rexistro auxiliar de entrada situado no edificio denominado Casa das Palmeiras, rúa Tapia n.º 1, O Temple, e reducir o horario de atención ao público no rexistro auxiliar de entrada situado na rúa Río Barcés n.º 8, A Barcala, Cambre.

Segundo: Un único funcionario/a atenderá ambos os dous rexistros auxiliares de entrada, que contarán co seguinte horario de atención ao público:

- De 09:00 a 11:00 horas no rexistro auxiliar de entrada situado no edificio denominado “Casa das Palmeras”, Rúa Tapia n.º 1, O Temple, de luns a venres.
- De 12:00 a 14:00 horas no rexistro auxiliar de entrada situado na rúa Río Barcés n.º 8, A Barcala, de luns a venres.

Terceiro: O novo horario de atención ao público entrará en funcionamento a partir do día 5 de setembro de 2012.

Cuarto: Notifíquese aos departamentos afectados, á funcionaria de ata o de agora rexistro auxiliar situado na rúa Río Barcés, A Barcala, e ao funcionario que actualmente a substitúe nas súas vacacións e déase conta ao departamento de Intervención para que se liquide a indemnización por quilometraxe que corresponda, ao departamento de Réxime Interior e ao Pleno.

Quinto: Publíquese, para xeral coñecemento, no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da casa do concello, así como na páxina web e nun dos xornais de maior divulgación da provincia.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1270, de data 5 de setembro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Ríos Rama dende o día 8 ao 21 de setembro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

7º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11605 o día 1 de setembro de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Nos dous últimos anos, que teñamos constancia, teñense producido dúas mortes de viandantes atropelados en pasos de peóns do noso municipio, ademais doutros incidentes de menor gravidade. As razóns case sempre foron a imprudencia dos condutores, unida á mala visibilidade do espazo de paso, debida á presenza de obstáculos (contedores de lixo, vehículos aparcados, etc.).

Por todo o anterior, solicitamos se dean as ordes oportunas aos técnicos municipais para que estuden a situación e seguridade dos pasos de peóns existentes no concello, proponendo e adoptando as medidas correctoras que se precisen.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que quere facer un inciso, xa que despois de facer este rogo, onte mesmo houbo outro atropelo en Cambre, na estrada que vai de Cambre a Lema.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, reconece que efectivamente hai accidentes, e que onte houbo un e a persoa atropelada no paso de peóns está bastante grave. Di que accidentes hainos sempre, e que el mesmo hai algúns anos atropelou un neno na estrada da Estación, e porque ía con prudencia, porque se non chega a ser así, seguramente o neno non estaría vivo hoxe, pero di que claro, tamén os peóns teñen que ser prudentes.

Segue explicando que todos piden pasos de peóns en todos os lados, pero os pasos de peóns en todos os lados son un perigo, para uns e para outros, aínda que o máis mal parado vai ser o peón. Todos ven con bastante frecuencia que vas no coche conducindo, chegas ao paso de peóns onde está ao mellor alguén que vai noutro sentido, e de súpeto cruza polo paso de peóns sen mirar, a maior parte da xente mira antes, pero hai xente que se mete, e pasa o que pasa, que o atropelan nun paso de peóns. Hai que entender que os accidentes pasan por despistes duns e doutros, independentemente de que despois as culpas se lle boten a quen se lle botan, que normalmente se lle botan ao coche, moto ou o que sexa.

Di que, en principio, os pasos de peóns que están autorizados no concello contan co visto e prace da policía municipal, pero resulta que despois os que aparcan deixan só libre o paso de peóns, e se lle poden coller medio metriño para deixar o coche, aínda llo collen, e claro, iso está prohibido, hai unhas distancias que hai que gardar, seguramente estea pintado en amarelo para que non se aparque, pero se aparca. Entón, todos teñen un pouquiño de culpa da situación.

Continúa dicindo que se efectivamente hai algo en concreto onde consideren que debe buscarse algunha solución, por exemplo porque hai pouca visibilidade, que llo digan,

que mirarán o tema e tratarán de buscarlle outra solución, pero que facer un estudo de todo o tema é difícil, porque xa teñen aos funcionarios ata arriba de traballo, e se comezan a facer estudos de todas as cousas que se piden, non se faría outra cousa.

Conclúe dicindo que se algún dos presentes é consciente de que hai algún problema nalgún punto en concreto, el rógalle que llo diga, que se estudará ese asunto en concreto, porque comprometerse a facer un estudo completo, parécelle moito.

Don José Manuel Lemos Seoane agradécelle o interese ao Sr. Marante Gómez, e di que cre que o espírito do seu rogo vai nese sentido tamén. Expón que no paso de peóns que hai na praza Doctor Enrique Piñeiro, posteriormente a un deses atropelos, si se sinalizaron os espazos posterior e anterior de aparcamento dos que o Sr. Marante Gómez falou, pero en moitos outros pasos de peóns do concello carécese desa indicación. Pon como exemplo que na rúa Estanque, que foi onde se produciu o vinte e catro de xullo outro atropelo mortal, hai unha serie de colectores do lixo que impiden a boa visibilidade do paso de peóns.

Explica que o espírito do tema non é facer un estudo concienciado nin nada, senón un repaso por parte dos técnicos, da policía local, ou de quen sexa o responsable, que boten unha ollada polos pasos de peóns do concello e que poñan en orde cales son, porque eles non son técnicos e non saben cales necesitarían ser susceptibles dalgunha sinalización, cambio de situación, cambio de colectores ou outro tipo de medidas que fomenten a seguridade dos peóns do concello.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, lembra que eles xa fixeron un rogo hai uns meses respecto do tema da iluminación nos pasos de peóns, e non sabe a que vén tanto tema, porque o que se pide é nada máis que os técnicos municipais fagan un estudo da situación e seguridade dos pasos de peóns. Sinala que os policías municipais están a maior parte do tempo na rúa, e que eles poden facer perfectamente os estudos e saben perfectamente como está iso, o único que piden é que se faga. Di que eles xa pediron hai moito tempo que se fixera o estudo e que se lle dera a todos os grupos, e aínda están esperando por el.

Don Manuel Marante Gómez responde que, normalmente, cando se nota algunha deficiencia nalgún tema, tratan de buscar unha solución e resolvelo. En todo caso, conclúe dicindo que dará o recado para que se fixen un pouco na cuestión.

2º Este grupo faise eco das queixas de visitantes ocasionais do noso concello que poñen no noso coñecemento a moi deficiente sinalización municipal. Sen entrar en demandas máis amplas, o certo é que resulta difícil para eles acceder á capital do concello seguindo as sinalizacións existentes, que algunhas veces dan lugar a confusións por resultar contraditorias (indicacións colocadas por diferentes administracións) e outras, pola súa inexistencia. Os puntos que presentan especiais confusións para os condutores son o acceso dende a N-VI, a saída da AP-9 e a desviación no Paraugas en dirección Cambre.

Por todo o anterior, solicitamos se tomen as medidas oportunas para mellorar a sinalización municipal, en especial nos puntos indicados.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que, en resumo, moitas veces os que usan as estradas dunha forma continuada non se fixan na sinalización. Non obstante, os que veñen de forma ocasional si que utilizan esas indicacións, e pérdense ou teñen informacións contraditorias. El cre que hai que darlle unha revisión, sobre todo á sinalización máis xeral de acceso ao concello, dende a óptica de quen non coñece o concello, porque moitas veces non son conscientes diso e as diferentes administracións crean confusión.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están totalmente de acordo. Di que hai uns días estivo vendo a sinalización do centro de Cambre e, efectivamente, pasa o que acaba de relatar don Augusto Rey Moreno. Explica que entrando no centro de Cambre, na rúa diante do Campo da Feira, hai un cartel con dúas frechas indicando Anceis e Sigrás, nin casa do concello, nin centro de saúde, nin nada. Informa que xa deu orde para mellorar a sinalización nesa zona, e que pasará polo Temple, seguramente a semana que vén, para tratar de melloralala alí.

Don Augusto Rey Moreno di que sobre todo hai un problema de sinalización, que xa lle comunicaron hai tempo, que é que a xente que baixa da N-IV pola Tapia, e a xente que sae da autoestrada e se mete por diante da Casa das Palmeiras, ten que meterse no carril da esquerda para coller a zona do Paraugas e vir cara a Cambre. Iso non está ben indicado, van en dirección ao Burgo, con todo o problema que iso xera. Non sabe cal pode ser a solución, pero supón que existirá unha.

Don Manuel Marante Gómez, reitera que seguramente a semana que vén mirará ese tema.

3º Demandan veciños, que usan habitualmente o paseo do río Mero, que se adopten medidas que garantan a seguridade viaria para cruzar a estrada que dende Cambre vai á zona do Mesón Vasco na confluencia co citado río. Nese treito o paseo interrómpeuse, tendo que cruzar a citada estrada para, de novo acceder a el.

Por todo o anterior, solicitamos se requira da Xunta de Galicia, titular da estrada, a colocación no citado lugar dun paso de peóns, dunhas características similares ao xa existente en Cela, punto de iguais circunstancias.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o que está en Cela a el parécelle moi perigoso, paso de peóns si, pero moi perigoso tamén, e cre que se non pasaron alí cousas graves é de pura casualidade. El cando se poñen pasos de peóns en zonas tan perigosas case prefire que non os haxa, porque así polo menos a xente mira, e cando non veñen coches, cruza, pero cando teñen paso de peóns, a xente métese, e aí ao lado xusto da ponte é moi perigoso. No outro lado teñen máis ou menos

as mesmas características, porque van despois de curvas. Di que, non obstante, pasaranlle á Xunta a solicitude do Partido Socialista, non hai ningún problema, pero reitera que el non é partidario deses pasos de peóns en zonas tan perigosas, porque logo chegan os desgustos.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta se de todas as formas iso non se pode sinalizar antes de chegar ao paso de peóns, porque todos os sinais están sempre cando estás chegando, pregunta se non hai que poñer unha advertencia luminosa cando é tan perigoso. Por exemplo, di que no caso de Cela, cando se baixa de Cambre, tense o paso de peóns xusto cando remata a curva e xa están enriba del, pregunta se non debería haber dobre sinalización, e conclúe dicindo que é un paso que habería que volver a mirar.

Don Manuel Marante Gómez responde que posiblemente si, e que como xa dixo, vanlle dar traslado á Xunta do rogo do PSdeG-PSOE e que decidan que facer.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11596 o día 31 de agosto de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

O Sr. alcalde expón que comezarán tratando o rogo que se presentou baixo a denominación de moción.

Moción sobre as deficiencias no funcionamento do servizo de iluminación pública do Concello, presentada polo grupo municipal de EU

“O grao de crecemento urbano acadado no municipio nos últimos anos, non se corresponde coas dotacións duns servizos públicos necesarios que o concello ten a obriga de ofrecer aos seus veciños. A actuación do actual goberno municipal nesta cuestión non pode cualificarse máis que de improvisada, ou ir en moitas ocasións por detrás dos problemas.

Este é o caso dunha necesidade fundamente reclamada e sentida en varios lugares do noso termo municipal, onde están padecendo a falta de iluminación pública e o deficiente funcionamento das súas instalacións. Estas carencias tradúcense en dificultades para transitar por rúas e estradas coa conseguinte inseguridade ao circular por vías urbanas en completo estado de escuridade polas noites.

Este problema está causando un malestar xeneralizado entre os habitantes do noso concello, que a pesar de canalizar as súas protestas e o seu descontento, os responsables municipais seguen sen dar unha resposta satisfactoria ao problema. EU comparte a preocupación da cidadanía, e así o ten manifestado ante os distintos órganos do concello mediante a presentación de iniciativas e escritos; sirva como exemplo a solicitude de

información sobre os diversos problemas xurdidos na subministración de enerxía eléctrica no concello presentado o pasado 12 de xuño.

Neste tema, existen a xuízo do noso grupo, dous problemas ben diferenciados:

- 1) O deficiente funcionamento e as carencias do goberno na xestión do servizo
- 2) E o roubo de cable das acometidas eléctricas

O primeiro é exclusivamente unha responsabilidade ineludible do goberno, no cumprimento das súas funcións; e o segundo, un problema que debe ser afrontado con medidas de vixilancia e control, correspondendo ao concello definir a súa propia política de seguridade, sen prexuízo da imprescindible coordinación, que a normativa legal establece entre cada corpo de policía local e as restantes forzas de seguridade públicas. Tamén dende a participación e colaboración e denuncias da cidadanía.

Non pretende o noso grupo municipal aproveitar o río revolto ocasionado pola forte contestación social que está producindo o problema, pero si facer unha defensa no cumprimento e na obriga que teñen os representantes públicos na defensa dos intereses dos veciños, que a día de hoxe seguen sen ter unha resposta.

Esquerda Unida, comparte a necesidade das medidas de aforro en materia enerxética, pero non comprende que non se garantan minimamente as condicións de seguridade para viandantes e vehículos.

O grupo de EU, aposta por unha política integral de aforro enerxético que permita reducir o gasto, pero ao mesmo tempo que se aborde o mal servizo e o gasto intolerable do consumo da enerxía, do que non é alleo a unha boa parte das instalacións municipais. Polo exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida, propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Pleno do Concello de Cambre acorda repoñer, á maior brevidade posible, a iluminación pública nos lugares do concello onde existan deficiencias, motivadas polo roubo de cable ou por cuestións de tipo técnico-administrativo coa empresa subministradora de enerxía.

Segundo: Que o goberno municipal aplique un plan que determine as actuacións a realizar, debido aos roubos de cable eléctrico das instalacións públicas, desenvolvendo accións coordinadas coa Policía Local e Garda Civil.

Terceiro: Solicitar dos técnicos municipais do concello un informe sobre a viabilidade e conveniencia da realización dunha auditoría sobre a eficiencia enerxética, nos edificios municipais e nas instalacións de iluminación pública de titularidade municipal, e as recepcións de promocións privadas.”

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que sobre a parte expositiva prefire non pronunciarse, porque dá a impresión de que EU se preocupa de todos os problemas que xurden en Cambre, escritos, etc. e de resolver eses problemas, pero os que teñen que resolvelos son os demais. O escrito faise moi rápido, pero ás veces resolver os problemas e as deficiencias non é tan rápido. Repite que non vai entrar niso.

Con respecto ao primeiro rogo que formulan, e pasa a lelo, di que iso é o que se está facendo, buscan a máxima celeridade. Todos saben que nalgunhas zonas curtaba a iluminación Fenosa, e cre que se trataron de resolver coa máxima celeridade posible. Explica que se fixeron xestións con Fenosa para poder sacar iso adiante, que era algo que viña herdado dende hai moitos anos, iluminacións que dende hai moitos anos non estaban contratadas con Fenosa.

Cre que foron bastante responsables nese tema para poder resolvelo, iso con respecto ao escrito que EU di que presentou aí atrás, porque xa EU sabía como ían os temas e sabía perfectamente o que se podía facer, polo tanto, estiveronse tratando de resolver eses problemas que viñan herdados dende hai moitos anos. Di que aínda agora mesmo segue habendo algún, concretamente a semana pasada aínda se deu outro caso noutro sitio, pero reitera que están tratando de resolvelos coa máxima celeridade posible.

Continúa dicindo que con respecto ao tema dos roubos, estes días detívose por parte das forzas de seguridade aos responsables dos roubos en Cambre, entre eles hai tres veciños de Cambre. Polo tanto, estase traballando no tema, non se esqueceron del. Ademais, están mirando a posibilidade de selar as arquetas ou meter uns detectores de continuidade para intentar paliar no posible esa eiva que se sofre non só en Cambre, senón tamén en moitos outros sitios.

Di que ao principio comezaron por roubar os cables de terra da iluminación pública, polo que a iluminación funcionaba igual, pero quitaban o cable de terra. Cando se foron dando conta, foron repoñéndoo, pero eran cousas pequenas que se puideron repoñer coa empresa que ten o mantemento da iluminación en Cambre. Ultimamente xa roubaban todos o cables. Naqueles sitios onde non foron capaces de roubalos enteros, repuxéronse ao día seguinte tan pronto como se decataron.

Continúa dicindo que tan pronto como chamaba un veciño para avisar de que non funcionaban as luces, íase alí e repoñíanse, pero outros sitios, dado o custoso da reposición, en torno a vinte mil euros, obrigan a facer unha contratación, ata cinco mil euros poden navegar con rapidez, pero de aí en adiante hai que facer as cousas doutro xeito e con outras normas, o cal lévalles un tempo. Por iso, pídelles desculpas aos veciños afectados, que son de varias zonas, concretamente en Pravio hai dúas zonas, unha comezando a subir Freande e outra ao final, nas Pereiras, pero tamén hai zonas da Barcala, nos Castros do Bosque, etc.

Segue explicando que teñen que facer un procedemento de contratación para poder repoñer ese cable, e están intentando facelo o máis rápido posible, pero as cousas levan o seu tempo. Quere lembrarllles que el viu na prensa non hai moito tempo, que hai algún concello que leva máis dun ano esperando pola iluminación dalgunha rúa central do propio concello, porque non teñen medios para repoñelo. En Cambre, cre que, de momento, están traballando coa máxima dilixencia.

Con respecto ao terceiro punto que pasa a ler, di que a auditoría xa está adxudicada á empresa “Giga Gabinete de Ingeniería, S.L.”, e xa están traballando nela. Trátase da auditoría de varios edificios municipais e tamén da iluminación pública, e esperan ter unha resposta antes de finais de ano, polo tanto cre que xa están a facer o que lles piden que fagan.

Conclúe agradecendo o interese que teñen todos en que se fagan as cousas, pero di que máis rápido non poden ir.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dálle as grazas ao Sr. Marante Gómez, e di que se alegra de que xa estea en marcha o tema da auditoría enerxética sobre as posibles deficiencias.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que por iso lle dixo anteriormente ao Sr. concelleiro que isto máis ben era un rogo. Expón que os ladróns actúan a horas intempestivas, cando ninguén os ve, e polo que el sabe, aínda que ás veces os veciños non son capaces de tomar as matrículas, di que chegan a enganchar os cables das arquetas nas defensas dos vehículos e a tirar por elas ata que rompen, e que claro, con iso arrancan absolutamente todo. Repoñer iso é moi custoso, están niso, e saben que hai un problema porque a el mesmo os veciños o ven na rúa e lle preguntan que pasa que están sen luz.

Di que de todas formas el quere felicitar á Garda Civil e á Policía Local por deter aos ladróns que actuaron en Cambre, e ata ao chatarreiro que lles compraba o cable, quere facer unha felicitación pública pola rapidez coa que identificaron a eses raspiñeiros e os puxeron a disposición xudicial, o cal non quere dicir que mañá non xurdan outros.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que eles tamén felicitan ás persoas aínda que, entre outras cousas, tamén é obrigación dos corpos e forzas de seguridade ocuparse desas cuestións.

Continúa manifestando, con referencia ao que dixo o Sr. Marante Gómez sobre a parte dispositiva, que se notaba certo sarcasmo cando dicía que EU abandeiraba todas as denuncias. Explica que EU vai ao pleno a cumprir co que lle corresponde, fiscalizar e controlar ao goberno, que é o que lle corresponde como grupo da oposición, mentres que ao goberno lle corresponde outra cousa, a función do goberno é arranxar os problemas que teñen os veciños.

Segue dicindo que, respecto a que o problema vén herdado de hai moitísimos anos, pode ser que o problema veña herdado, pero el, dende logo, non estivo gobernando nos últimos anos, mentres que o Sr. Marante Gómez algo de culpa debe ter porque si que estivo gobernando.

En cando ao tema de repoñer coa máxima brevidade a iluminación, cre que debería de fluír algo máis de información, sobre todo aos veciños que denunciaron mediante rexistro, palabra ou correo electrónico. Di que de aí vén o seu enfado e que por iso recorren á oposición nestes casos, para que denuncien esas cuestións no seu nome, posto que o goberno parece que non lles fai caso.

Expón que el ten coñecemento dalgunhas persoas ás que non se lles contestou nada. Talvez se a explicación que dá o Sr. Marante Gómez no pleno a dera aos veciños, ao mellor tiñan máis paciencia e comprendían a situación, posto que el tamén entende a situación, e tamén sabe que é delicada. Di que non é novo que lles falen dos roubos que se producen no Concello de Cambre e en centos e miles de concellos do Estado español, porque neste momento é o que hai, e máis que se producirán segundo está a situación.

Manifesta que respecto da auditoría xa dixo que se alegraba moito. Cre que a auditoría os pode axudar en moitas cuestións porque, xa o dixo nalgún pleno, non se pode permitir que instalacións municipais estean prendidas de día ou de noite sen haber ningún tipo de actividade, ou farois que están intermitentes toda a noite, farois que están iluminando contra árbores, farois que están iluminando onde non deben, e que están facendo un servizo privado en vez de facer un servizo público. Todo iso se controla mediante unha auditoría, porque os gastos públicos son o ben colectivo de todos os veciños, non para que unha persoa concreta teña un farol iluminando na súa eira.

Segue dicindo que el pensaba que avanzaran un pouco máis nese tema, realmente o pensaba, e un pouco por iso presentaron a moción, posto que o Sr. Marante Gómez contestáralle que se reunira con Instelec, que a cousa ía por bo camiño, e que incluso se arranxaran máis cousas. El ten apuntado que se produciran vinte e sete incidencias relativas á subministración eléctrica, estando todas resoltas a día de hoxe, e que polos servizos técnicos municipais xunto coa colaboración de Instelec, adxudicataria do servizo de mantemento dos servizos de iluminación pública de Cambre, se estaba a realizar unha inspección exhaustiva de todos os cadros eléctricos para evitar futuras incidencias. Polo tanto pensaba que se avanzara máis do que se avanzou.

Continúa dicindo que non é de recibo, dende o seu punto de vista, que algunhas zonas de Cambre leven catro meses sen ningún tipo de iluminación, así como estradas moi frecuentadas con bastante circulación, case as arterias principais de Cambre, por exemplo, a estrada de Cambre a Pravio. Antes o Sr. Marante Gómez falou da zona das Pereiras, e el non sabe se son catro meses, pero se cadra estase quedando curto, e o outro día, a zona dende Bribes a Brexo-Lema estaba sen ningunha iluminación. Di que haberá que ser máis dilixente, porque na praza de Manuel Lugrís, no Temple, están exactamente igual, sen ningún tipo de iluminación, ou na urbanización dos Castros do

Bosque, e o que xa é máis grave, a iluminación instalada en San Lourenzo, fará uns tres ou catro anos, onde gastaron sobre sesenta mil euros, e que segue sen alumar. Di que vai chegar o momento en que o concello teña que vender os farois para chatarra, porque non vai valer para nada.

Explica que eles o que tratan é de contribuír a que esas cousas se arranxen, e sobre todo a que aos veciños de Cambre se lles dea contestación de por que non se reparan os problemas que hai. Iso é o que eles demandan, porque teñen bastantes escritos de persoas que demandaron solucións en varios departamentos do concello, sen ningunha contestación ou resposta. Di que os veciños merecen polo menos unha contestación.

Don Manuel Marante Gómez di que, efectivamente, pode haber veciños aos que non se lles contestou, pero as ordes son que se contesten as queixas de todos os veciños, de feito asina todos os días contestacións aos veciños. Non discute que igual non lle chegan a todos, pero intentan contestar con bastante celeridade, incluso a algún se lle contesta no mesmo día que presenta a súa queixa e a outros, se é por correo electrónico, normalmente contéstase con prontitude. Pode que houbera un pouquiño de atraso aí atrás, xa que di que hai xente que está de vacacións, e algunhas cuestións pódense atrasar un pouco, pero reitera que as ordes son que se conteste aos veciños o antes posible.

Respecto dos cadros que estaban en precario, dos que falaba don Luis Miguel Taibo Casás, di que se resolveron, e non só eses, senón que se resolveron algúns máis. Aínda así, xurden algunhas outras cuestións por aí, como por exemplo a semana pasada que apareceron cousas relacionadas co tema. Di que intentan mirar e que mandou revisar todo, pero que claro, que tampouco son fenómenos para lograr que todo iso vaia perfecto. Están intentando resolvelo da mellor maneira e o antes posible cos medios que teñen.

Conclúe dicindo, sobre o tema de que haxa luces alumando de día, que será porque hai unha avaría. Se algún veciño chama dicindo que están as luces prendidas, van e resolven o problema de inmediato, se non é ese día, é o seguinte, pero resólvese. Ás veces non coincide que pase alguén da empresa Instelec ou non chama ninguén e quedan prendidas, pero tan pronto o chama algún veciño, automaticamente vai a empresa e arranxa a avaría. Di que tamén os veciños teñen que colaborar un pouquiño, pero que, en todo caso, todo iso faise con celeridade, tanto se son tendidos longos como puntos concretos e illados. Reitera que cando os veciños chaman e reclaman, normalmente se acude como moito en dous días, agás que haxa un exceso por un temporal ou polo que sexa, pero despois, normalmente ao día seguinte, resólvese o problema.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que está claro que neste tema ten que existir a colaboración cidadá. Cre que eles están a colaborar na medida do posible, xa que non hai moito denunciaron o tema, e hoxe insistiron no asunto do polideportivo de Pravio, denunciaron para que se tomasen medidas, e pasada unha semana segue alumando de día.

En canto ao tema da contestación aos veciños e da resposta que se lles dá, di que simplemente é informalos. Explica que el ten un correo que foi enviado o 2 de maio de 2012 e non se contestou, foi reenviado o 31 de xullo de 2012 e seguiu sen contestarse, tamén ten outro correo que foi enviado o 1 de agosto de 2012, doutra persoa distinta, e tampouco se lle contestou. Engade que, entón, a el non lle estraña que esta xente estea enfadada e cabreada co goberno, non lle estraña para nada.

Conclúe dicindo, respecto de moitas luminarias que están por aí, que en moitas delas case non se sabe se están prendidas ou se están apagadas, porque a propia tulipa está feita unha porcallada, e iso sábeo o Sr. Marante perfectamente, esas tulipas non valen para nada.

A continuación trátanse o resto de rogos presentados para este pleno polo grupo municipal de EU.

1º O singular embarcadoiro situado nas inmediacións da Ponte Vella da ría do Burgo e o seu contorno pertencente á parroquia do Temple, é un dos lugares máis singulares e emblemáticos do noso concello, pero desgrazadamente encóntrase con frecuencia nunha situación de abandono, acumulando abundantes residuos, maleza e outros obxectos nas súas beiras, dando unha imaxe deplorable da zona.

Este feito desmerece o propio lugar e o seu conxunto como zona de espaxemento e recreo público. Considerando o noso grupo que é necesario poñer en valor a nosa riqueza natural e paisaxística, para o uso e goce dos cidadáns.

Pregamos que por parte do concello, se tomen as medidas oportunas para levar a cabo a limpeza e acondicionamento da dita zona, co fin de sanear e manter nas mellores condicións o emblemático lugar.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que está de acordo.

2º O noso grupo municipal xa ten amosado a súa preocupación en relación coa seguridade viaria no concello, ao longo do tempo seguimos observando como se veñen producindo distintos accidentes, tanto nas estradas de titularidade municipal como nas de propiedade doutras administracións.

Por isto pregamos ao goberno municipal, realice un estudo e revisión en todo o territorio municipal da sinalización horizontal e vertical relacionada coa seguridade viaria, e se repoñan os elementos mal situados, deteriorados, así como onde a necesidade da súa colocación se considere necesaria para o incremento da seguridade das persoas e vehículos. Do mesmo xeito se poña en coñecemento das administracións con competencias no sistema viario que transcorre polo concello, das anomalías detectadas, para que sexan corrixidas no menor prazo de tempo posible.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a verdade é que hai bastantes deficiencias e, na medida do posible, están tratando de resolvelas. Ao mesmo tempo, cando se fai unha actuación global nalgunha estrada ou nalgunha zona concreta, colócase sinalización nova, tanto horizontal como vertical, e así vaise adecuando.

Di que efectivamente hai algunhas zonas onde, ao mellor, hai que recalcar a sinalización, non obstante, facer un estudo global de todo o concello é o mesmo caso do que falaban antes cos pasos de peóns, se saben dalgún lugar concreto onde sexa necesario facer algún tipo de actuación, prefire que llo digan, iso con independencia de que tamén se lle diga á policía municipal que avise das deficiencias que vaian detectando.

En canto ao tema de facer un estudo global, di que dispoñen do persoal que dispoñen, polo que teñen que ir puntualmente, agás nas zonas nas que se fan intervencións globais como pavimentos ou beirarrúas, onde xa se mete a sinalización vertical e horizontal.

Reitera que se eles saben dalgún punto negro, agradeceríalles que llo dixeran.

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, expón como puntualización, xa máis como suxestión que como rogo, que levan quince meses de goberno da lexislatura e que practicamente en todos os plenos, ou ben é por sinalización ou por pasos de peóns, por parte de todos os grupos municipais, tanto PSdeG-PSOE, como UxC, EU ou BNG, en maior ou menor medida, van formulando ese tipo de preguntas e que ao Sr. Marante Gómez, como concelleiro de Obras, lle caen todas, como é evidente. Explica que esta suxestión é o que dicían anteriormente, é máis para sumar que para restar, e di que igual é mellor facer o estudo en xeral, tanto de pasos de peóns como de sinalización horizontal e vertical, localizar todos eses defectos e non ter que ir parcheando.

Conclúe dicindo que é unicamente unha suxestión porque se non, pleno tras pleno van seguir co mesmo tema, xa que son demandas que existen no concello e moi importantes para a seguridade viaria.

Don Manuel Marante Gómez responde que van tentar que a policía lles informe sobre os pasos de peóns facendo un informe da situación.

A continuación, toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que EU xa deu lectura a tres rogos e aínda ten un máis. Di que lles permite lelo, pero que se trata da limpeza dun camiño que xa está feita.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que o Sr. alcalde adiantouse ao que ía dicir. A súa idea era retirar o rogo porque case simultaneamente á presentación da documentación para este pleno, limpouse o camiño, que é o camiño que vai de Pumar Méndez a Freande.

En todo caso, engade que tamén quería facer unha puntualización si se lle permite, xa que en fronte mesmo dese camiño, hai unha rúa que vai para abaixo, para Socampo, e a maleza cubre case a totalidade da beirarrúa.

Don Manuel Marante Gómez pregunta onde está o camiño exactamente, don Luis Miguel Taibo Casás contesta que en fronte da confeitaría Morás e que esa beirarrúa está practicamente chea de maleza. Di que a rúa chámase Alejandro Pascual.

Don Manuel Marante Gomez sinala que se lles debeu pasar aos da roza.

Rogos do BNG presentados por escrito

En primeiro lugar trátase o rogo presentado polo grupo municipal do BNG baixo a denominación de moción.

Moción en defensa da seguridade viaria no cruzamento da AC-214 coa rúa Arrigada, presentada polo grupo municipal do BNG, ao abeiro do previsto no art. 125.2 do Regulamento orgánico municipal e o art. 97.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Rexistrada de entrada ao núm. 11551 o día 30 de agosto de 2012, consta do seguinte teor literal:

“Ante a perigosidade existente no cruzamento da AC-214 (Estrada da Estación) coa rúa Arrigada (punto A do plano), debida a gran cantidade de vehículos que circulan pola citada estrada e sobre todo á velocidade que alcanzan nese tramo, pedimos unha modificación da circulación transversal de peóns no citado punto.

É necesario que con base nas facultades outorgadas ao Sr. alcalde pola lexislación vixente como a Lei de seguridade viaria do 2 de marzo do 1990 que atribúe “... a ordenación e control do tráfico nas vías urbanas á Policía Local...”, e a Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade onde no artigo 53 no apartado b) di “á Policía Local compételle ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no núcleo urbano...”. Con base nas facultades que lle outorgan as ditas leis, solicitamos de vostede como xefe da Policía Local afrontar as citadas reformas de cara á seguridade dos veciños.

Polo exposto, rogamos a adopción polo Pleno da Corporación dos seguintes acordos:

Primeiro: A revisión da sinalización no contorno do citado cruzamento.

Segundo: Rebaixar a velocidade mediante a colocación de sinais de prohibición de circular a máis de 40Km/h.

Terceiro: A colocación dun paso elevado de peóns ou ben a colocación de sinais de perigo nos lugares máis visibles en ambos sentidos da marcha.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que aínda que Google é moi sabio, porque é o plano que o BNG lles envía, a estrada non é a AC-214. Explica que a estrada que sube pola estación é da Deputación, a CP-1702, e o seu mantemento corresponde á Deputación, e di que, é máis, que aínda teñen pendente a poda das árbores. En todo caso, ese é un tema que non ten maior importancia.

Segue dicindo que está de acordo en que os sinais hai que revisalos e que o cruzamento pode ser perigoso, el non vai discutilo, pero, de todos os xeitos, cre que está suficientemente sinalizado tanto de arriba como de abaixo, é máis, di que pode amosar fotos que poñen “atención, travesía perigosa, paso de peóns ou limitado a 40”. Expón que todo o treito está limitado a 40, é máis, o treito dende Cambre na baixada, está limitado a 40, pero que iso non é todo, explica que nese cruzamento perigoso que din con velocidade 40, a saída da Arrigada ten unha dirección prohibida, polo que ese camiño soamente é de entrada para a Arrigada, non de saída, polo tanto, o cruzamento non é tal cruzamento.

Continúa dicindo que está de acordo e que poden reforzar a sinalización todo o que a Sra. concelleira do BNG queira, di que toma nota, pero sobre o tema do paso elevado el quere entender que se tratará de poñer unhas bandas sobre o pavimento, non facer un paso elevado, porque facer un paso elevado entre as árbores que teñen alí suporía ou ben tirar as árbores ou ben tirar o chalé, porque outra cousa non poden facer. En todo caso, di que propondrá á Deputación o tema do paso elevado e, se o considera oportuno, que o faga, pero que xa lle di que, habendo un paso de peóns con bandas rugosas vinte metros máis abaixo, non cre que a Deputación poña un paso de peóns no cruzamento, non o cre, en todo caso, di que llo vai solicitar.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que lle agradecen moito que faga esa solicitude a quen proceda. Explica que a eles a información déullela un técnico, non se puxeron eles a buscar en internet a ver que atopaban. En canto ao erro no nome da estrada, que non é a estrada AC-214, di que o senten moito e que é a información que lles deron.

Segue dicindo que, en todo caso, todos saben de que cruzamento falan, falan en concreto da estrada que cruza a rúa Arrigada, e explica que eles trouxeron esta proposta porque llelo pediron os veciños. Di que os veciños quéixanse porque, quizais non unha persoa nova, pero si as persoas que van cunha cadeira de rodas ou as persoas maiores con dificultades de mobilidade, atópanse con que os coches, por moito que estea limitado a 40, non pasan a 40, polo tanto, haberá que poñer algún tipo de sinalización que chame máis a atención para que se cumpra a limitación, para que a tan poucos metros do concello, que segue sendo núcleo urbano, os peóns poidan circular con tranquilidade, porque non están a falar dunha estrada, están a falar dunha rúa de Cambre, á beira do concello, a moi poucos metros do concello e da praza do concello.

Toma a palabra o Sr. alcalde para reiterar que vai trasladar a petición á Deputación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que, efectivamente, alí existían unhas bandas rugosas un pouco máis abaixo, pero que neste momento a maioría dos elementos que compoñen esas bandas xa non existen, concretamente en fronte da Estación.

O Sr. alcalde manifesta que esas bandas aínda conservan a súa estrutura, que lles faltan dous anacos, agás á que puxeron máis arriba, onde se pasa por enriba do ponte da ría, que non ten ningún anaco. Di que vai trasladar esas queixas á Deputación e que tratarán de mellorar a sinalización nese treito.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que só quere dicir que está ben que as estradas estean sinalizadas cun límite de velocidade determinado, sobre todo nas zonas urbanas, pero cre que o máis importante a ter en conta é que, como moitísimas normas que se ditan, como moitísimas ordenanzas, non soamente se trata de escribilas e comunicalas, senón que tamén hai que cumprilas, e neste caso facelas cumprir. Di que todos son conscientes de que na maioría das estradas de Cambre, por poñer un exemplo, non tanto na que vai do Temple a Cambre, pero si na que vai de Cambre a Pravio, hai zonas limitadas a 40 e 50 onde se circula a 70 ou 80.

Conclúe dicindo que, ao mellor, hai que controlar un pouco máis, porque considera que cando se está a falar da seguridade das persoas as actuacións deberían ser un pouco máis contundentes.

O Sr. alcalde dá paso ás preguntas do PSdeG-PSOE e don Daniel Carballeda Rodríguez lémbrale que teñen un rogo a maiores. O Sr. alcalde dálle a palabra.

Rexistrado de entrada ao núm. 11689 o día 3 de setembro de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Previsiblemente, en datas próximas, abrirá ao público a gasoleira situada na entrada de Cambre, que tantas protestas levantou por parte dos veciños de Amil e que motivou unha posición unánime da Corporación municipal, goberno municipal, en contra da súa instalación.

É por iso que rogamos se realice, na medida do posible co custe máis reducido posible, unha campaña pública, utilizando primordialmente medios de custe cero (paneis informativos, facebook, páxina web, correo electrónico, notas de prensa, carteis...), animando á xente, dentro de parámetros legais, a non facer uso desa gasoleira.

O Sr. alcalde preguntalle a don Daniel Carballeda Rodríguez se o rogo o fai en serio.

Don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro do BNG, contesta que si, que o rogo o fai en serio e agarda por parte do Sr. alcalde unha resposta seria e cun mínimo de consideración, posto que o rogo non pretende facer nada en absoluto ilegal nin cousa

parecida. Di que sinxelamente piden que se faga unha campaña propositiva e non coercitiva, didáctica e non autoritaria, explicando, por exemplo, que a día de hoxe hai “x” estacións de servizo en Cambre que funcionan, poñendo, por exemplo, un panel indicando o percorrido para chegar a elas e a distancia dende o centro urbano. Di que eles xa saben que non se pode ir contra unha empresa privada, son perfectamente conscientes diso, pero tamén saben que hai determinadas formas para, dalgunha maneira, chamar á concienciación social.

Segue explicando que eles teñen unha concepción progresista do que é a vida pública e consideran que, máis aló da xestión burocrática e das tarefas que habitualmente son as que ocupan un concello, está tamén ter certa consideración e transmitir certos valores, certa atención e recoñecemento a unha serie de veciños que expuxeron dun xeito tremendamente democrático un posicionamento contrario a algo que é legal, pero que non é xusto, e iso é unicamente o que propoñen.

Continúa dicindo que o propio alcalde dixo na prensa que iso era unha loucura, e se falasen de coller as porras da policía local e ir a aporrear esa gasoleira...

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle ao concelleiro do BNG que non lle faga un mitin, porque el simplemente lle fixo unha pregunta sobre se o rogo o facía en serio.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que xa lle está a responder.

O Sr. alcalde dille que lle responda, pero que non cun mitin. Di que el sabe o que é legal e o que non é legal, e manifesta que o que non lle pode pedir ao alcalde de Cambre é que vaia en contra dunha empresa privada utilizando medios públicos, iso non llo pode pedir a ninguén nin rogarllo a ninguén.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que non, que el está a pedirlle que vaia a prol dos veciños.

O Sr. alcalde lébralle o artigo 1 da Constitución Española. Expón que o rogo di textualmente “rogamos se realice, na medida do posible co custe máis reducido posible, unha campaña pública, utilizando primordialmente medios de custe cero”, e iso sería usando os paneis informativos, que son os do concello, facebook, que sería o da páxina do concello, a páxina web e o correo electrónico do concello, notas de prensa que serían do concello, e todo iso en custe cero, e por riba irían contra a iniciativa privada. Explica que é unha licenza legalmente dada, non polo actual goberno, e que don Daniel Carballada Rodríguez agora pretende que o alcalde faga campaña pública en contra dun ente privado legalmente establecido. Dille que non lle pode facer ese rogo en serio.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que si, que o fai totalmente en serio, pero o que non sabe se é en serio é a demagogia do Sr. alcalde. Di que por citar un exemplo claro, en España existe unha lexislación respecto do xogo, hai casinos, hai unha serie de establecementos que se dedican ao xogo, e iso non é óbice para que dende as

administracións públicas se fagan campañas de concienciación social en contra desas actividades, o mesmo poderían falar do tabaco.

Segue dicindo que el non lle pide que directamente se diga á xente que non vaia a esa gasolinera, pero si que se poña en valor todo o que pasou con ela, e que se faga un labor de concienciación pública de que existen outras alternativas dende o respecto a esa legalidade, dentro dos parámetros legais que os servizos técnicos do concello ben puideran estudar. Trátase de tentar realizar unha actividade que ten moito de recoñecemento á loita social que houbo dos propios veciños, e tamén doutros grupos políticos que non foi precisamente o BNG, senón EU, e di que xa está, que para eles non ten máis percorrido a historia, que é perfectamente legal si se formula adecuadamente facelo e, ademais, dende o seu grupo cren que darían unha lección de dignidade como concello realizando estes actos.

O Sr. alcalde sinala que o que o Sr. Carballada Rodríguez quere é que metan ao alcalde de Cambre no cárcere, e repite que iso é o que quere.

Segue dicindo que o concelleiro do BNG non pode formular ese rogo en serio, e menos nun pleno, xa que eles tiveron, non catro, senón oito anos para facer todo iso, pero cohabitaron co goberno que aprobou e concedeu esa licenza.

Don Daniel Carballada Rodríguez intervén para dicirlle ao Sr. alcalde que el sabe que houbo dous tránsfugas que nada teñen que ver con eles, e que eles...

O Sr. alcalde lémbrale ao Sr. concelleiro que el deixouno falar na súa intervención, pídlle que agora o deixe falar a el, e dille que non está no uso da palabra.

Segue expoñendo que don Daniel Carballada Rodríguez non pode formular ese rogo, e menos seriamente. Non lle pode rogar ao alcalde de Cambre ou á Corporación municipal ou ao goberno, que faga iso, non é serio. Reitera que o que quere o concelleiro do BNG é que el, como alcalde, cometa unha ilegalidade e inmediatamente o metan no cárcere, repite que iso é o que quere o Sr. Daniel Carballada Rodríguez. Pon como exemplo que, igual que no rogo presentado, tamén pode facer publicidade en contra do estanco de Cambre sabendo que o tabaco é malo, polo que pide que lle escoite, porque hai que ser serios e ao pleno van discutir problemas de Cambre.

Conclúe dicindo que el xa manifestou publicamente que non estaba de acordo con montar a gasolinera nese lugar, pero unha vez que lle deron a licenza, e que iso é legal, el o que non pode é cometer outra ilegalidade, e o Sr. Daniel Carballada Rodríguez non lle pode facer seriamente ese rogo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, di que eles recoñeceron no seu momento, de xeito público, o seu labor. É un problema que vén herdado e, dende logo, poden crer que fala dende a sinceridade, non é achacable aos membros do actual grupo municipal do BNG.

Conclúe dicindo que eles, dende ese recoñecemento, si que piden, por exemplo, que o alcalde, sen ter carácter total e absolutamente definitivo, consulte no concello se poden facer unha campaña informando das gasoleneiras que a día de hoxe operan en Cambre, para que o conxunto da cidadanía teña eses datos e se lles traslade a mensaxe de que existen alternativas a unha gasoleneira que insiste en que é legal pero que é profundamente inxusta.

O Sr. alcalde, tendo iso no pensamento, e xa rematando co asunto porque non ten máis percorrido, pregunta por que non fan esa campaña directamente dende o grupo do BNG, a través de todos os medios que mencionaron, que o fagan e que se arrisquen a que o propietario da gasoleneira lles presente unha demanda, pero non ao alcalde de Cambre, nin ao grupo de goberno de Cambre. Dille ao Sr. Carballada que o faga, que tamén ten medios, e remata dicindo que non lle van dar máis percorrido a ese asunto.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11605 o día 1 de setembro de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que van retirar a primeira pregunta da orde do día, porque facía referencia á reapertura da Casa das Palmeiras, e a secretaria deu lectura a unha resolución de Alcaldía na que se di que se vai reabrir. Di que lles gustaría ter unha copia da dita resolución.

O Sr. alcalde explica que concretamente a oficina reabriuse onte, e que se non se fixo antes foi por falta de persoal, doutra maneira xa se tería feito. Agradece ao grupo socialista que retire a pregunta.

2º Denuncian veciños do Temple a presenza de restos da obra executada recentemente nas rúas Pígara e Padre Feijóo (entullos, tubaxes de PVC, etc) e que foron abandonados pola empresa responsable dos traballos. Estes restos atópanse dispersos pola parte posterior do colexio do Graxal, na prolongación da zona verde, lugar este utilizado polos rapaces para xogar.

Cando se ten previsto esixir á empresa responsable da execución da obra a recollida dos citados restos?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están dando os últimos retoques ás obras da rúa Pígara e Padre Feijóo, na parte de atrás e algunha cousiña tamén por diante, e que tan pronto como rematen, loxicamente terán que retirar todo, limpar e deixar todo en perfecto estado.

3º Vén sendo un tema recorrente a demanda da poda das árbores da estrada da Estación. ténsenos dito que se estaban a facer xestións neste senso diante da Deputación Provincial. Con base en todo o anterior este grupo pregunta:

Cal é o resultado das xestións realizadas diante do organismo provincial?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o ano pasado o organismo provincial, por unha serie de cuestións, ao final non puido facer a poda das árbores. Di que as últimas noticias que ten por parte do técnico da Deputación encargado desa zona é que xa teñen adxudicada a corta a unha empresa e que esperan facela no outono.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta, dado o compromiso que adquiriu o Sr. alcalde ante a Corporación, se sería posible ter unha copia desa adxudicación da Deputación, para saber que empresa é a responsable que vai facer eses traballos.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que pedirá unha copia á Deputación e daralles traslado sen problema. Explica que a el só lle dixeron que a corta xa estaba adxudicada e que se faría en canto comezase a caer a folla, no outono, porque antes non se pode curtar. Reitera que lles fará chegar copia da adxudicación.

Don José Manuel Lemos Seoane dálle as grazas.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11596 o día 31 de agosto de 2012, presentadas xunto coa moción e rogos para este pleno.

1º Non é a primeira vez que o noso grupo municipal se interesa pola situación da débeda que o Concello da Coruña ten contraída co Concello de Cambre, como resultado das liquidacións do IBI do encoro de Cecebre.

Segundo o informe elaborado pola técnico de xestión económico-financeira a solicitude da interventora, a dita débeda correspondente aos exercicios de 2002 a 2009, non foi aboada polo Concello da Coruña senón recorrida ante a Deputación en diferentes recursos, todos eles ou inadmitidos ou desestimados, incluso algún dos exercicios nin aboado nin recorrido. Nesta situación a débeda contraída incorpora xuros de demora e recargos de apremio, tampouco aboados estes nin o principal das liquidacións polo Concello da Coruña. No informe da técnico contéplase como unha das posibilidades de liquidación a “compensación” con débedas recoñecidas das que o acredor fose o Concello da Coruña, algo que habería que investigar se existe. A outra posibilidade que se formula, para o caso de que a compensación non sexa factible, sería o procedemento de “embargo”. Por último o informe sinala a conveniencia de obter o expediente para concluír as actuacións conducentes ao cobro da débeda.

Con base no anteriormente exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida pregunta:

Pódennos informar sobre as actuacións que está levando a cabo o goberno municipal, visto o informe técnico, así como a parte do proceso no que nos atopamos cara o requirimento ao Concello da Coruña do pagamento da débeda contraída co Concello de Cambre pola liquidación do IBI do encoro de Cecebre?

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que no que se refire ao expediente, está recabado e visto, pero ao seu parecer, ademais do informe técnico que figura, que é do ano 2010, faltaría un informe xurídico, o cal xa está solicitado, porque cre que hai lagoas á hora de valorar o que se entende polo acordo de compensación, se sería factible ou non.

Manifesta que no momento en que lle pasen o informe xurídico, ela comprométese a pasarlles a proposta por escrito, ou se queren poden preguntar no próximo pleno, que xa poderá darlles datos máis concretos, porque o que ela diga agora pode non axustarse ao que diga despois o informe, así que prefire que llo pregunten no próximo pleno ou facerllo chegar por escrito.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, simplemente, a modo de curiosidade, di que o que fixeron foi coller o informe técnico e as cantidades que aparecen no informe que comprende os exercicios do 2002 a 2007, e despois aínda faltarían de 2007 en adiante.

Dona Marta María Vázquez Golpe dille que non é así.

Dona M^a Olga Santos López di que as cantidades que aparecen no informe só chegan ata o exercicio 2007, e explica que as outras cantidades, se non as teñen, prefiren non calcular con elas. Segue dicindo que só para os efectos de cálculo, se a esas cantidades que aparecen como débeda de capital total se lle suman os xuros de demora e o recargo de apremio, estarían falando dunha débeda inicial de 27000 euros que pasaría a case 45000 euros, unha cantidade nada desdeñable nun momento no que inqedan constantemente a falta de recursos no concello.

Dona Marta María Vázquez Golpe di que habería que sumar a débeda pendente dende 2009 á actualidade.

Dona M^a Olga Santos López di que exactamente, que están falando ata o 2007 e despois aínda habería que sumarlle os exercicios posteriores, polo tanto, di que sería interesante poñerse con ese tema en canto teñan o informe xurídico. De todos formas, eles no próximo pleno volverán preguntar polo asunto.

Dona Marta María Vázquez Golpe manifesta que, ademais, é un tema no que están completamente de acordo.

2º O Pleno da Corporación é o órgano máis representativo do concello e por iso o de maior lexitimidade á hora de aprobar iniciativas, en consecuencia os seus acordos non poden reducirse a aparecer nas actas plenarias; é necesario e esixible que o goberno municipal asuma o compromiso de respectalos mediante o cumprimento do aprobado.

Neste caso estamos a referirnos á sinalización das instalacións deportivas do concello:

Para cando pensan sinalizar as mencionadas infraestruturas?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que, tal e como debe saber o Sr. Taibo Casás, non poden estar máis de acordo nese tema.

Di que a sinalización está pedida, estase realizando, e o seu maior interese é que se instale tan pronto como a teñan. Precisamente por iso, explica que nun principio ían entregar todo o pedido xunto, pero solicitaron que se entregue a medida que se vaia facendo, por lotes, para poder montar máis rápido. Son conscientes de que é unha deficiencia, e sobre todo hai algunhas instalacións, como pode ser a pista de skate, que non está o suficientemente ben sinalizada para a xente que non é de Cambre, ou por exemplo a piscina dos Castros do Bosque.

Remata dicindo que son moi conscientes do problema e que están encargados todos os sinais.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, efectivamente, esta iniciativa xa debe ser a terceira vez que a levan a pleno, en vista de que non se dá feito e que non se dan sinalizado as instalacións deportivas. O Sr. concelleiro de Deportes mencionou tres ou catro, pero tamén están o campo de fútbol de Cambre, o campo de fútbol de Cecebre, etc. El o que pediría é que se sinalicen todas, sen excluír ningunha, porque na xunta de goberno de 28 de maio de 2012, cando se falou de repintar varios pasos de peóns e da sinalización do concello, o Sr. alcalde dixo que se fixera a sinalización da piscina municipal de Cecebre, concretamente esa soa. Recentemente, cre que foi o 31 de agosto, tamén o Sr. alcalde noutra xunta de goberno pediu que se sinalizara o campo de fútbol de Cambre, a cámara agraria e as infraestruturas que hai nesa zona, e parécelle ben, pero di que iso ten que ir acompañado da sinalización de todas as instalacións que hai en Cambre.

Don Fernando Caride Suárez intervén, pedíndolle desculpas ao Sr. Taibo Casás, para dicir que non é por escusar ao Sr. alcalde, pero que igual a transcripción da acta non está ben, porque o alcalde, con moi bo criterio, o que fixo foi instar en diversas ocasións a facer algunha sinalización, ao mellor o feito de que conste en acta unha soa é porque cando llo está a dicir a el, xa saben de que están falando, e explica que cando a el lle din

a piscina dos Castros do Bosque, el xa sabe que non se refire exclusivamente a esa. Talvez na acta non queda ben reflectido pero porque é unha cuestión de coñecemento, posto que el sabe que cando fai unha referencia a unha das infraestruturas, ou mencionou concretamente unha, estase referindo ao conxunto de todas elas. Así pois, di que cando hai unha referencia concreta na acta, teñen que ter presente que se refire a todas e cada unha das instalacións deportivas.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que as actas reflicten o que reflicten, nin máis nin menos. Na de maio figura unha instalación, si é certo que a acta do 31 de agosto é máis extensa, cemiterio, campo de fútbol, centro de saúde e cámara agraria.

Don Fernando Caride Suárez sinala que, aínda así, fáltanlle moitas, porque hai moitas que están sen poñer.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o único que di é que a solicitude de sinalización das instalacións deportivas de Cambre fíxose hai seis anos. Nesta lexislatura cre que se solicitou dúas veces, e con esta tres, e aínda seguen sen ela. Sinala que é o que demandan os directivos dos equipos de fútbol, a xente en xeral que vai ás instalacións, e como dixo antes o compañeiro, a xente que non é do propio concello. Di que ás veces parecen un concello de terceira división ou un barrio colombiano, e que Cambre merece algo máis que iso, merece unhas instalacións cunha sinalización en debidas condicións.

Conclúe pedíndolle ao Sr. Andreu Barallobre que non se ría, e reitera que Cambre precisa dunha mellor sinalización.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que están totalmente de acordo, e volve dicir que se na acta se reflicten así nalgunha ocasión, é por conversas que se manteñen á parte, porque el se reúne de forma habitual co Sr. alcalde e pasan listado. Explica que cando o alcalde se refire a unha instalación en concreto, el xa entende que se refire a todas, e non ten maior transcendencia. En todo caso, conclúe dicindo que no fondo do tema están totalmente de acordo e que están traballando niso para que se solucione, porque son conscientes desa deficiencia.

3º Mediante unha iniciativa presentada polo noso grupo municipal, no cemiterio municipal de Cambre instaláronse servizos hixiénicos. Na actualidade son varias as persoas que nos manifestan a súa falta de limpeza e atención.

Por isto facemos a seguinte pregunta:

Poden informarnos da periodicidade da limpeza, atención e mantemento, e a quen corresponde velar polo seu estado nas mellores condicións de uso?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a verdade é que el nin sabía que había servizos no cemiterio. Di que afortunadamente el non é

usuario dese cemiterio, nunca tivo a necesidade de ir porque non ten ningunha familia alí, nin nunca tivo necesidade de ir aos servizos alí.

Volve dicir que non sabía que había servizos alí. Preguntoulle aos técnicos do departamento de Obras e Servizos e tampouco sabían nada. Esta é a primeira noticia que ten de que hai servizos alí, xa que ningún veciño reclamou porque estiveran os aseos abandonados, co cal, di que a semana que vén intentará darlle solución ao tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille a don Manuel Marante Gómez que estaba na Corporación cando o grupo de EU fixo a solicitude, e estaba na Corporación cando se instalaron os servizos, en todo caso, di que vale a pena dedicarlle tempo a este tema, sobre todo cando son unhas instalacións municipais de servizo público.

Don Manuel Marante Gómez responde que el leva moitos anos na Corporación e moitos no goberno, pero que non levou todas as áreas nin fixo de todo. Di que cada compañeiro leva unha área e el pode saber cousas ás veces, pero que non vai lembrar todo o que fan os demais, e tampouco se vai lembrar don Luis Miguel Taibo Casás, nin ninguén.

Conclúe dicindo que unha cousa é que se solicitasen, pero que el non os puxo, polo tanto el non o sabía, preguntoulle aos técnicos e tampouco lle souberon dicir nada, por iso vai intentar resolver o problema a vindeira semana.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11689 o día 3 de setembro de 2012, xunto co rogo para este pleno.

1º Continuamente aparecen en prensa noticias que se fan eco das ansias privatizadoras que o PP ten sobre os servizos ferroviarios públicos. Así alértase do perigo de supresión de frecuencias nas liñas A Coruña–Ferrol e A Coruña–Monforte, que prestan servizo, deficiente ben é certo, ao Concello de Cambre.

Realizou ou ten previsto realizar o goberno municipal algunha iniciativa, sexa con Renfe, Adif, Xunta ou Estado, para tentar garantir que os recortes do PP non se leven por diante as estacións de Cambre e Cecebre que levan máis de 130 anos atendendo aos veciños do noso concello, e que aínda depauperadas pola nefasta xestión de sucesivos gobernos teñen un enorme potencial de crecemento?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, di que deixando de lado o interese claramente alarmista da pregunta, o cal di que non vai entrar a valorar porque entende que están nos comezos da campaña política e hai alentar un pouco ás masas, simplemente quere comentar que, como vén sendo habitual, o Bloque Nacionalista Gallego chega tres meses tarde.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, interrompe para dicir que é “galego”, di que é Bloque Nacionalista Galego, que se chaman así, que poderían chamarse doutro xeito pero que se chaman así.

Don Fernando Caride Suárez responde que lle serve e que non hai problemas lingüísticos, pero chega tres meses tarde coa pregunta. Di que para que se faga unha idea do interese e preocupación que o goberno municipal ten por este tema, cando no mes de xuño apareceu unha noticia sobre este asunto, solicitou unha reunión con Adif e con Renfe, di que sería aos quince días ou así. Están pendentes de que lles concedan esa cita, en canto a teñan, daralles traslado do que se fale nesa reunión.

Continúa dicindo que quere deixar claro que o goberno local instou e solicitou a Renfe unha reunión, e iso é comprobable, por teléfono e ata por correo electrónico, e se o Sr. concelleiro ten dúbidas pódelle facilitar o correo electrónico. Explica que di isto porque o ton dá a sensación de que está mentindo e o que lle está a dicir é a verdade.

Reitera que o BNG chega tarde coa pregunta, que o goberno municipal ten esa preocupación e que a raíz dunha nota de prensa que saíu, e que imaxina que é a mesma que leron no BNG en xuño, xa solicitou a Renfe unha reunión e, en canto a teñan, daralles traslado do que se trate nela.

2º Coa celebración do Brincadeira Rock in Cambre foron centos as persoas que se bañaron e gozaron do leito fluvial do Mero, facendo uso dun dos maiores activos potencias de índole turística dos que dispón Cambre. Transcorrido certo tempo, non se teñen advertido por parte dos organismos competentes problema ningún en canto á aptitude da auga para consumo doméstico que do río se detrae.

Ten pensado o concello realizar as xestións oportunas diante da administración autonómica e/ou estatal para que se poida promover o baño libre e seguro, a todos os efectos, no tramo cambrés do Mero?

O Sr. alcalde contesta que non soamente ten pensado iso, senón que se len o programa electoral do grupo de goberno, xa poden ver que unha das preocupacións que teñen é o tema do río Mero.

Di que el, persoalmente, está en conversas con Augas de Galicia, porque antes de bañarse no río haberá que limpalo, haberá que sacarlle ás árbores e todos os residuos que ten o río, o cal levan dous anos sen limpar. A continuación diso, o obxectivo do programa electoral do grupo de goberno cando entrou, era facer tres áreas recreativas ao longo do río para espaxamento dos veciños de Cambre, onde poida existir baño como existía en Cecebre, no muíño de Peiraio concretamente. Iso é o que queren lograr e iso xa ía no seu programa electoral.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que os programas electorais ás veces... , que llo digan a Rajoy.

O Sr. alcalde di que non llo vai permitir, que non sabe a que vén ese tema e pregúntalle que ten que dicir do programa electoral do PP.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que foi o Sr. alcalde o que fixo mención ao programa electoral, el simplemente fixo unha reflexión, porque di que os programas electorais unhas veces din unha cousa e despois fanse outras.

O Sr. alcalde expón que o seu programa electoral é o seu compromiso cando chegaron ao goberno, e que non sabe que ten que ver Rajoy, agora mesmo, co Concello de Cambre.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que se quere ponlle como exemplo as piscinas do Temple, esa cidade da auga que ían facer no Temple, e que tamén viña no programa electoral.

O Sr. alcalde pide que lle dea tempo ao tempo.

3º O goberno municipal négase a facilitar acceso a este grupo municipal á auditoría técnica da piscina municipal da Barcala realizada pola empresa Applus.

Canto ten previsto o Sr. alcalde deixar de incumprir o ROM e facilitarlle á oposición a dita documentación e informar das deficiencias que se observan na instalación?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, di que é unha pregunta máis que contestada en público, en privado, con acta, sen acta, ou con taquígrafos. Di que repite o mesmo, por parte do departamento que el dirixe, o departamento de Deportes, non hai ningunha, e pídelo que lle crea que o di dende o máis profundo do seu corazón, non hai ningunha intención de ocultarlle información.

Di que se quere volve repetirlle a explicación de novo. Xa lle preguntaron o mesmo en xullo, e repite que el, como concelleiro, non redacta ese informe, senón xa o tería o 1 de agosto enriba da mesa. Explica que ten que redactalo un técnico municipal do departamento de Obras, que como ben dixo neste mesmo pleno o seu compañeiro Manuel Marante, están ata arriba de traballo.

Pídelo que crea que el insta semanalmente a que lle faciliten o informe, pero que o tempo dá para o que dá. Di que é o primeiro interesado en telo é el mesmo, porque como ben saben foi el quen iniciou ese proceso. El particularmente iniciou o proceso para solicitar esa auditoría.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que quere que quede reflectido na acta que eles non teñen nada contra o funcionario nin poñen en tela de xuízo o seu labor.

Don Fernando Caride Suárez sinala que non lle cabe a menor dúbida.

Don Daniel Carballada Rodríguez explica que eles non están pedindo o informe dun funcionario, están pedindo acceso a un documento, que é a auditoría realizada pola empresa Applus na pasada primavera. Di que catro meses despois seguen sen acceso a ela, pero poden pasar catro meses ou catro anos e eles van seguir pedíndoa. Reitera que o que piden é o informe da empresa privada, non un informe dun funcionario.

Don Fernando Caride Suárez responde que como ben sabe don Daniel Carballada, porque coñece moi ben a administración, ese informe ten que vir ratificado polo informe do técnico municipal. Punto. Di que el non lle vai dar a información a medias, porque o técnico municipal terá que valorar os termos do informe e valorar que parte corresponde á empresa adxudicataria e que parte corresponde ao concello. Por iso pide ao Sr. concelleiro do BNG que non conte as verdades a medias, que non engane á xente que está a escoitalos, porque é mentira, sábeo e é perfectamente consciente.

Conclúe dicindo que cando el teña toda a documentación, o 100% da documentación, lla facilitará, e repítelle o que xa lle dixo no pleno de xullo, que el persoalmente irá a súa casa e lla dará, porque é o primeiro interesado, non vai ir á prensa, ao contrario do que fan outros grupos políticos, senón que el persoalmente irá e llo dará antes de dicirillo a ninguén.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López